

I. DISPOSICIÓN XERAIS

MINISTERIO DA PRESIDENCIA, RELACIÓNS COAS CORTES E MEMORIA DEMOCRÁTICA

13025 *Real decreto 935/2020, do 27 de outubro, polo que se aproba o Regulamento sobre directrices xerais dos plans de estudos do ensino de formación para a incorporación ás escalas de suboficiais e de cabos e gardas do corpo da Garda Civil.*

A publicación da Lei 29/2014, do 28 de novembro, de réxime do persoal da Garda Civil, deu cumprimento a canto dispoñía a Lei 39/2007, do 19 de novembro, da carreira militar, pola que se ordenaba que o réxime do persoal do corpo da Garda Civil se debería rexer pola súa lei específica.

Esta nova Lei 29/2014, do 28 de novembro, recolle as novidades introducidas, entre outras, pola Lei orgánica 11/2007, do 22 de outubro, reguladora dos dereitos e deberes dos membros da Garda Civil, pola Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, e pola Lei orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes, actualizando os sistemas de ensino e promoción profesional dos seus membros, todo isto con base na Lei orgánica 2/1986, do 13 de marzo, de forzas e corpos de seguridade, e, dada a natureza militar do dito instituto armado e a condición militar dos seus membros, na citada Lei 39/2007, do 19 de novembro.

A propia lei establece o ensino como un elemento fundamental no réxime de persoal que se pretende establecer, asentado no respecto dos dereitos e liberdades recoñecidos na Constitución, interpretados consonte os acordos e tratados internacionais de dereitos humanos ratificados por España, como sinala o seu artigo 10.2, e ten como finalidades, entre outras, a formación integral necesaria para quen aspira a ingresar no corpo, a capacitación profesional específica de quen se vaia integrar en calquera das escalas do corpo e a permanente actualización dos seus coñecementos profesionais, todo iso para garantir que os gardas civís dispoñan, ao longo de toda a súa vida profesional, das competencias necesarias para cumprir con efectividade as funcións encomendadas. O resultado que se pretende conseguir é establecer un sistema integral no cal, sendo o elemento humano o máis importante, se posibilite un adecuado proceso de selección, se proporcione a necesaria formación, tanto inicial como ao longo de toda a vida profesional, e se brinden suficientes oportunidades de promoción.

Así, o ensino na Garda Civil configúrase como un sistema unitario que garante a continuidade do proceso formativo, que integra ensinanzas do sistema educativo español inspirándose nos principios e fins do dito sistema educativo, coas adaptacións debidas á condición de garda civil.

As modificacións introducidas nesta lei, en especial a equiparación da formación da Garda Civil para o acceso aos distintos empregos e niveis ás exixencias de nivel das ensinanzas do sistema educativo español, así como o establecemento dunhas novas directrices fundamentais, fan necesaria unha ordenación de todo o sistema e afectan moi especialmente este ensino de formación.

De conformidade co disposto no artigo 29.1 da Lei 29/2014, do 28 de novembro, o ensino de formación ten como finalidade a capacitación profesional para a incorporación ás escalas do corpo da Garda Civil. Así mesmo, o número 3 do dito artigo dispón que o ensino de formación para a incorporación á escala de suboficiais tomará como referencia o nivel educativo da formación profesional de grao superior e permite obter, tras obtención do primeiro emprego ao incorporarse á dita escala, a equivalencia xenérica ao nivel académico das ensinanzas de grao superior da formación profesional do sistema educativo español. De igual modo, no número 4 establécese que o ensino de formación para a incorporación á escala de cabos e gardas tomará como referencia o nivel educativo

da formación profesional de grao medio e permite obter, ao acadar o primeiro emprego da escala, a equivalencia xenérica ao nivel académico das ensinanzas de grao medio da formación profesional do sistema educativo español.

Este ensino de formación, requirido para o exercicio profesional en cada escala, vén determinado polos plans de estudos cuxa superación é requisito imprescindible para a incorporación a tales escalas. En consecuencia, os ditos plans deberanse configurar de tal forma que quen se incorpore a un centro de formación da Garda Civil reciba o ensino necesario para conseguir, en última instancia, o eficaz desempeño das funcións asignadas á Garda Civil.

Pola súa parte, o artigo 45 da Lei 29/2014, do 28 de novembro, establece que o Consello de Ministros, por proposta conxunta dos ministros de Defensa e do Interior e logo de informe favorable do actual Ministerio de Educación e Formación Profesional, determinará as directrices xerais dos plans de estudos que se deban cursar para permitir a obtención das equivalencias xenéricas aos niveis académicos das ensinanzas da formación profesional do sistema educativo español de grao superior e medio correspondentes ás ensinanzas para a incorporación ás escalas de suboficiais e de cabos e gardas, respectivamente.

Este mandato, xunto coa experiencia adquirida desde a entrada en vigor das anteriores directrices xerais de plans de estudos, contidas no Real decreto 313/2006, do 17 de marzo, sobre directrices xerais dos plans de estudos do ensino de formación para a incorporación ás escalas de suboficiais e de cabos e gardas do corpo da Garda Civil, que agora se derroga, fan necesaria a aprobación dunhas novas directrices xerais que, tomando como referencia o Real decreto 1147/2011, do 29 de xullo, polo que se establece a ordenación xeral da formación profesional do sistema educativo, permitan establecer o marco de referencia para o posterior desenvolvemento dos correspondentes plans de estudos.

Así pois, as directrices xerais contidas no regulamento que se aproba están en consonancia coa ordenación académica do sistema educativo español e responden ás modificacións introducidas, nesta materia, no réxime de persoal da Garda Civil.

Establécense os contidos e os ámbitos formativos dos diferentes módulos que conformarán os plans de estudos, os compoñentes esenciais para adquirir as competencias profesionais –pezas angulares do sistema de ensino de formación na Garda Civil– necesarias para o desempeño das encargas e o exercicio das facultades asignadas ás diferentes escalas, que lles permitirá cumprir con efectividade as funcións encomendadas.

Así mesmo, faise referencia á obrigación da avaliación da calidade dos plans de estudos, de acordo co establecido no Regulamento de ordenación do ensino na Garda Civil, aprobado polo Real decreto 131/2018, do 16 de marzo, e salientase así a importancia da función que os gardas civís desempeñan na sociedade, así como das ensinanzas que reciben.

A norma adecúase aos principios de boa regulación, de conformidade co artigo 129 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas. Así, respecto aos principios de necesidade, eficacia e proporcionalidade, establece as directrices xerais dos plans de estudos, coa finalidade de estruturar dunha maneira común as ensinanzas de formación necesarias para o acceso ás escalas de suboficiais e de cabos e gardas, e para iso contén a regulación imprescindible que será obxecto dun posterior desenvolvemento nos correspondentes plans de estudos. De igual modo, co fin de garantir os principios de seguridade xurídica e transparencia, a norma incardínase de forma coherente dentro do marco normativo que regula o sistema de ensino da Garda Civil, dando cumprimento na súa tramitación a canto se dispón no artigo 7 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno. Finalmente, en aplicación do principio de eficiencia, a norma persegue unha xestión racional dos recursos públicos.

Por último, en cumprimento do disposto no artigo 54 da Lei orgánica 11/2007, do 22 de outubro, este real decreto foi sometido ao informe do Consello da Garda Civil. Tamén, na súa tramitación, se solicitou o informe do Consello Nacional da Discapacidade.

Na súa virtude, por proposta do ministro do Interior e da ministra de Defensa, coa aprobación previa da ministra de Política Territorial e Función Pública, logo de informe favorable do Ministerio de Educación e Formación Profesional, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 27 de outubro de 2020,

DISPOÑO:

Artigo único. *Aprobación do regulamento.*

Apróbase o Regulamento sobre directrices xerais dos plans de estudos do ensino de formación para a incorporación ás escalas de suboficiais e de cabos e gardas do corpo da Garda Civil, cuxo texto se inclúe a continuación.

Disposición adicional primeira. *Validación de módulos de formación teórico-prácticos dentro do ámbito da Garda Civil.*

1. No ámbito da Garda Civil poderanse efectuar as correspondentes validacións entre módulos profesionais completos cursados no sistema educativo español e os do propio sistema de ensino da Garda Civil por aqueles que, dentro do correspondente plan de estudos das ensinanzas da Garda Civil, sexan similares en carga lectiva e contidos.

En todo caso, a cualificación dos módulos validados será de 5 ou, de ser o caso, de apto.

2. A Administración competente en materia educativa fixará os termos para as validacións ou equivalencias destes estudos coas ensinanzas do sistema educativo.

Disposición adicional segunda. *Gasto público.*

A aplicación do disposto neste real decreto non supoñerá incremento do gasto público en materia de gastos de persoal.

Disposición transitoria única. *Vixencia dos actuais plans de estudos.*

Sen prexuízo da entrada en vigor deste real decreto, os actuais plans de estudos manterán a súa vixencia ata que se aproben os novos axustados a estas directrices xerais.

Unha vez aprobados os novos plans de estudos, os seus precedentes extinguíranse curso por curso, de acordo co disposto no artigo 9.1.b do regulamento que aproba este real decreto.

Disposición derogatoria única. *Derogación normativa.*

Queda derogado o Real decreto 313/2006, do 17 de marzo, sobre directrices xerais dos plans de estudos do ensino de formación para a incorporación ás escalas de suboficiais e de cabos e gardas do corpo da Garda Civil.

Así mesmo, quedan derogadas as disposicións, de igual ou inferior rango, no que se opoñan a este real decreto e ao regulamento que aproba.

Disposición derradeira primeira. *Modificación do Regulamento de ordenación do ensino na Garda Civil, aprobado polo Real decreto 131/2018, do 16 de marzo.*

Os números 5 e 6 do artigo 81 do Regulamento de ordenación do ensino na Garda Civil, aprobado polo Real decreto 131/2018, do 16 de marzo, quedan redactados nos seguintes termos:

«5. Os alumnos a que se refire este artigo cotizarán ao Instituto Social das Forzas Armadas (Isfas) segundo o establecido no texto refundido da Lei sobre seguridade social das Forzas Armadas, aprobado polo Real decreto legislativo 1/2000, do 9 de xuño, en función do grupo retributivo ou haber regulador

correspondente, e estarán suxeitos ao réxime xeral da Seguridade Social ou ao réxime especial de clases pasivas do Estado, segundo lles corresponda, en virtude do establecido na disposición adicional terceira do texto refundido da Lei xeral da seguridade social, aprobado polo Real decreto legislativo 8/2015, do 30 de outubro, sen prexuízo do réxime das pensións extraordinarias previsto na normativa de clases pasivas do Estado.

6. Os alumnos que adquiran a condición de garda civil despois de superaren o ensino de formación nos centros docentes de formación correspondentes seguirán incluídos no réxime da Seguridade Social que lles corresponda segundo o disposto no parágrafo anterior, sen prexuízo do réxime das pensións extraordinarias previsto na normativa de clases pasivas do Estado.»

Disposición derradeira segunda. *Título competencial.*

Este real decreto dítase ao abeiro do disposto no artigo 149.1.4.^a e 149.1.29.^a da Constitución, que lle atribúe ao Estado a competencia exclusiva en materia de defensa e Forzas Armadas, e de seguridade pública, respectivamente.

Disposición derradeira terceira. *Aprobación dos plans de estudos.*

No prazo máximo dun ano desde a data de entrada en vigor deste real decreto, as persoas titulares dos ministerios de Defensa e do Interior aprobarán, conxuntamente, os plans de estudos a que este se refire.

Disposición derradeira cuarta. *Facultades de desenvolvemento.*

Autorízanse as persoas titulares dos ministerios de Defensa e do Interior para ditaren cantas disposicións sexan necesarias para o desenvolvemento deste real decreto e do regulamento que aproba.

Disposición derradeira quinta. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 27 de outubro de 2020.

FELIPE R.

A vicepresidenta primeira do Goberno e ministra da Presidencia, Relacións coas Cortes e Memoria Democrática

CARMEN CALVO POYATO

REGULAMENTO SOBRE DIRECTRICES XERAIS DOS PLANS DE ESTUDOS DO ENSINO DE FORMACIÓN PARA A INCORPORACIÓN ÁS ESCALAS DE SUBOFICIAIS E DE CABOS E GARDAS DO CORPO DA GARDA CIVIL

Artigo 1. *Obxecto e ámbito de aplicación.*

Este regulamento ten por obxecto establecer as directrices xerais co fin de outorgar unha estrutura común da ordenación académica dos plans de estudos das ensinanzas de formación para a incorporación ás correspondentes escalas de suboficiais e de cabos e gardas do corpo da Garda Civil.

Artigo 2. *Finalidade dos plans de estudos.*

1. Os plans de estudos, rexidos polos criterios establecidos na Lei orgánica 2/1986, do 13 de marzo, de forzas e corpos de seguridade, e na Lei 29/2014, do 28 de novembro,

de réxime do persoal da Garda Civil, están orientados fundamentalmente a lograr o mellor desempeño das funcións encomendadas á Garda Civil e serven os principios básicos de actuación do persoal integrante das forzas e corpos de seguridade.

2. Os ditos plans de estudos teñen como finalidade xeral lograr a adquisición, por parte do persoal que compón o corpo da Garda Civil, das competencias profesionais necesarias para o desempeño das funcións e o exercicio das facultades da escala correspondente.

3. Os plans de estudos correspondentes ao ensino de formación para a incorporación ás escalas a que se refire este regulamento axustaranse ás finalidades contidas no artigo 44 da Lei 29/2014, do 28 de novembro, combinando, na medida adecuada, as ensinanzas teóricas e prácticas.

Ademais, deberán facilitar, de ser o caso, a obtención de equivalencias, para efectos académicos, cos títulos de formación profesional do sistema educativo español, nas condicións e cos requisitos que estableza o Ministerio de Educación e Formación Profesional.

Artigo 3. *Criterios xerais dos plans de estudos.*

1. Os plans de estudos terán un carácter holístico que englobe a formación do alumno nun ente indivisible en que os módulos e as materias estarán coordinados entre si de tal forma que cubran todo o espectro formativo necesario para realizar as funcións propias dos postos de traballo que van ocupar, e estes serán dotados de coherencia e funcionalidade.

2. Atenderán á formación humana integral, militar, de corpo de seguridade, técnica, lingüística, psicolóxica e en dereitos humanos que se precise para o desempeño das funcións asignadas á escala correspondente e que permita, ademais, a súa integración no contexto internacional.

3. Neles non poderán existir máis diferenzas por razón de xénero que as derivadas das distintas condicións físicas que, de ser o caso, se poidan considerar para o establecemento de marcas que cómpre superar na avaliación da materia de educación física.

Artigo 4. *Elaboración dos plans de estudos.*

1. Co obxecto de facer efectivas a progresión do ensino e a continuidade do proceso educativo, os plans de estudos suxeitos a estas directrices xerais elaboraranse de maneira coordinada e farán viable a conexión, de ser o caso, tanto coa formación achegada polo alumnado que o curse como coas futuras ensinanzas que poida recibir.

2. Para a elaboración de cada plan de estudos e determinación das ensinanzas correspondentes teranse en conta previamente os seguintes aspectos:

a) Análise da competencia profesional requirida para o desempeño das funcións propias de cada unha das escalas.

b) Identificación das capacidades profesionais e tarefas máis significativas, entendidas como accións ou realizacións con valor e significado no exercicio da súa actividade.

3. Os plans de estudos suxeitos a estas directrices xerais comprenderán un período de formación presencial nun centro docente e poderán incluír un período a distancia, organizados en módulos que se adecuarán, de ser o caso, aos módulos da formación profesional específica do sistema educativo español, e un período de prácticas en unidades da Garda Civil que estará incluído nos correspondentes módulos de instrución e adestramento.

4. Cada plan de estudos deberá incluír, ademais da formación deontolóxica propia, módulos teórico-prácticos e de instrución e adestramento.

5. Os módulos relativos ao ensino de formación para a incorporación á escala de suboficiais deberán incluír tamén coñecementos dirixidos á adquisición e ao desenvolvemento de competencias relacionadas coa acción de mando, co obxecto de proporcionar ao alumnado as técnicas de mando e as capacidades propias do suboficial do corpo da Garda Civil.

6. Os módulos relativos ao ensino de formación para a incorporación á escala de cabos e gardas incluírán tamén coñecementos dirixidos á adquisición de competencias relacionadas coa acción de mando ao seu nivel, co obxecto de proporcionar ao alumnado unhas técnicas básicas de mando e unhas capacidades que lles permita dar continuidade no exercicio do mando cando lles corresponda.

7. Quen acredite ter superado unha formación militar de carácter xeral desenvolvida nas Forzas Armadas quedará eximido da realización daqueles ámbitos de coñecementos do ensino de formación para a incorporación á escala de cabos e gardas cuxos contidos sexan similares, coa cualificación mínima que se estableza para acadar o aprobado. Non obstante, deberá asistir ás clases xunto co resto do alumnado e, no caso de optar á obtención dunha mellor cualificación, estará sometido ao mesmo proceso de avaliación.

8. Mediante o período de prácticas nas unidades da Garda Civil dentro dos módulos de instrución e adestramento proporcionarase a adquisición das competencias profesionais necesarias para o desempeño eficaz e eficiente das funcións asignadas a cada unha das escalas, tanto á de suboficiais como á de cabos e gardas.

Artigo 5. *Deseño xeral dos plans de estudos.*

1. Os plans de estudos obxecto destas directrices estarán suxeitos a unha estrutura modular e deben incluír as seguintes cuestións:

- a) Denominación.
- b) Perfís profesionais que cómpre acadar en función das funcións propias da súa escala que se desempeñan ao finalizar os plans de estudos.
- c) Obxectivos xerais das ensinanzas de formación que faculten profesionalmente para o primeiro emprego de cada unha das escalas.
- d) Cursos, fases, de ser o caso, módulos e materias que os compoñen.
- e) Carga lectiva de cada curso, módulo e materia.
- f) Descrición dos contidos que se van desenvolver nos programas de cada materia.
- g) Contidos susceptibles de seren impartidos a distancia.
- h) Forma de superación de cada un dos módulos e consecuencias da non superación.

2. Os plans de estudos poderán incluír unha formación complementaria que permita establecer a equivalencia xenérica de nivel coa formación profesional do sistema educativo español. Esta formación complementaria tomará como referencia o nivel establecido para os ciclos formativos pola normativa que regula a ordenación da formación profesional do sistema educativo español.

Artigo 6. *Contido e ámbitos formativos dos módulos.*

1. Os módulos que compoñen os plans de estudos incluírán:

a) Os teórico-prácticos: contidos teóricos e teórico-prácticos dirixidos á adquisición dos coñecementos, habilidades e actitudes que, en definitiva, son os compoñentes esenciais da competencia profesional para o desempeño da encomenda asignada.

b) Os de instrución e adestramento: contidos conducentes á adquisición da práctica e habilidades técnico-profesionais e militares propias de cada escala, co obxecto de practicar os procedementos operativos e de reforzar as competencias profesionais. Inclúranse dentro destes módulos os exercicios relacionados coa formación física do alumnado.

2. Conforme a súa finalidade e os seus obxectivos, os módulos deberán cubrir os seguintes ámbitos:

a) Formación militar:

1.º No caso da escala de cabos e gardas, proporcionará os coñecementos necesarios que se deban adquirir para poder vincularse profesionalmente á Garda Civil, así como os necesarios para realizar os servizos que deban prestar ao seu nivel, que garantan o

funcionamento e a seguridade das unidades da Garda Civil e o cumprimento das misións de carácter militar que lles encomenden.

2.º No caso da escala de suboficiais, proporcionará coñecementos de xestión de unidades e persoas, incluíndo técnicas e estratexias de comunicación, de xestión de conflitos e liderado, así como os necesarios para realizar os servizos que deban prestar ao seu nivel, que garantan o funcionamento e a seguridade das unidades da Garda Civil e o cumprimento das misións de carácter militar que lles encomenden.

3.º Así mesmo, formarase o alumnado no ámbito da orde pechada co fin de que adquira as habilidades necesarias para integrarse dentro das formacións militares, cerimonias e actos castrenses, de acordo coa natureza militar da institución.

b) Formación de corpo de seguridade:

1.º Proporcionará os coñecementos e as habilidades necesarios ao seu nivel para participar e resolver incidentes no ámbito da seguridade cidadá.

2.º Proverá de ferramentas técnicas e xurídicas que lle permitan o exercicio do labor de policía xudicial.

3.º Facilitará formación no ámbito da investigación, mantemento da orde pública, xestión de fronteiras, resguardo fiscal, control de armas e explosivos, policía administrativa, así como de cantas outras competencias teña asignadas a Garda Civil.

4.º Conterá ensinanzas relativas ás novas tecnoloxías de información e comunicación.

5.º Proporcionará, polo menos, a necesaria formación humana integral e psicolóxica que se precise para o desempeño das funcións asignadas á escala correspondente.

6.º Favorecerá o desenvolvemento de valores que fomenten a igualdade efectiva entre homes e mulleres e a prevención da violencia contra as mulleres, así como a adquisición de aptitudes, e dotará de coñecementos específicos sobre a realidade, a situación e o trato adecuado ás persoas e aos grupos sociais diferenciados máis necesitados de protección por estaren en estado de maior exposición e vulnerabilidade no exercicio dos seus dereitos.

7.º Proporcionará formación teórica e práctica sobre as obrigacións contraídas por España sobre dereitos humanos no ámbito internacional, así como sobre a lexislación da Unión Europea e española sobre dereitos humanos.

c) Formación física:

1.º Proporcionará a adecuada preparación física e os coñecementos básicos sobre a teoría do adestramento deportivo que lle permita o exercicio da súa función.

2.º Para superar este módulo, ademais, será necesario acadar as marcas establecidas nas probas físicas que se determinen.

3.º Impartirase en todos os cursos que se desenvolvan nos centros docentes de formación, baixo os criterios de continuidade temporal e planificación eficiente.

d) Idioma estranxeiro. Inglés:

1.º No caso da escala de cabos e gardas, deberase acadar un nivel mínimo de inglés similar ao A2 do Consello de Europa, segundo se define no Marco común europeo de referencia para as linguas.

2.º No caso da escala de suboficiais, deberase acadar un nivel mínimo de inglés similar ao B1 do Consello de Europa, segundo se define no Marco común europeo de referencia para as linguas.

3.º Impartirase en todos os cursos que se desenvolvan nos centros docentes de formación.

e) Instrución e adestramento:

1.º Incluíranse nel os pertinentes períodos de prácticas en unidades da Garda Civil co obxectivo de consolidar a formación recibida, afondar en determinadas áreas e avaliar o desempeño.

2.º Englobará tamén exercicios e manobras que simulen operativos, unidades e actuacións reais do servizo propio do corpo, así como as prácticas conducentes á

obtención do nivel de instrución que se estableza na normativa sobre o Sistema de intervención operativa da Garda Civil.

3.º Impartirase en todos os cursos académicos.

Artigo 7. *Duración dos plans de estudos.*

1. O plan de estudos para a incorporación á escala de suboficiais terá a duración prevista no Regulamento de ordenación do ensino na Garda Civil, aprobado polo Real decreto 131/2018, do 16 de marzo, e poderá incluír entre as actividades de instrución e adestramento un período de prácticas en unidades da Garda Civil de ata 20 semanas.

2. A duración do ensino de suboficiais non será inferior a 960 horas nin excederá as 1.400 horas presenciais por curso académico nin as 35 horas lectivas á semana, salvo os períodos de prácticas en unidades, que se axustarán ao réxime de prestación do servizo regulado na Garda Civil.

3. O plan de estudos para a incorporación á escala de cabos e gardas terá a duración prevista no Regulamento de ordenación do ensino na Garda Civil e poderá incluír entre as actividades de instrución e adestramento un período de prácticas en unidades da Garda Civil de ata 40 semanas.

4. A duración do ensino de formación para a incorporación á escala de cabos e gardas non será inferior a 960 horas nin excederá as 1.400 horas presenciais por curso académico nin as 35 horas lectivas á semana, salvo os períodos de prácticas en unidades, que se axustarán ao réxime de prestación do servizo regulado na Garda Civil.

5. A duración dos cursos académicos será como máximo de 44 semanas, incluídos os períodos lectivos e os destinados á avaliación, así como os dedicados ao ámbito de instrución e adestramento.

Artigo 8. *Efectos da superación dos plans de estudos.*

1. A superación dos plans de estudos e a adxudicación dunha das prazas da provisión anual terá os seguintes efectos:

- a) A adquisición da condición de garda civil e, polo tanto, a de militar de carreira da Garda Civil, se non a tiver previamente.
- b) A atribución do primeiro emprego da escala correspondente.
- c) A súa posición na escala, tendo en conta a cualificación final obtida.

2. A obtención do emprego de sarxento permitirá obter a equivalencia xenérica ao nivel académico das ensinanzas de grao superior da formación profesional do sistema educativo español, logo de tramitación do correspondente procedemento ante o Ministerio de Educación e Formación Profesional, sempre e cando o interesado achegue o título de bacharel ou equivalente para efectos académicos, e producirá efectos académicos plenos para o acceso a estudos universitarios, conforme os procedementos de admisión ás ensinanzas universitarias oficiais de grao, previstos na normativa vixente.

3. A obtención do emprego de garda civil permitirá obter a equivalencia xenérica ao nivel académico das ensinanzas de grao medio da formación profesional do sistema educativo español e producirá efectos académicos plenos, logo de tramitación do correspondente procedemento ante o Ministerio de Educación e Formación Profesional, sempre e cando o interesado achegue o título de graduado en educación secundaria ou equivalente para efectos académicos.

Artigo 9. *Modificación dos plans de estudos.*

1. A modificación dun plan de estudos establecido conforme estas directrices xerais que, en todo caso, se deberá axustar a elas, queda sometida con carácter xeral ás seguintes condicións:

- a) Os plans de estudos terán unha vixencia temporal mínima equivalente á duración establecida no artigo 7.

b) Os plans de estudos modificados, total ou parcialmente, extinguíranse curso por curso.

2. Malia o disposto no punto anterior, cando os avances de distinta índole aconsellen a modificación dos plans de estudos, os ministros de Defensa e do Interior, conxuntamente, poderán establecer sistemas de adaptación ou, de ser o caso, validación dos módulos formativos teórico-prácticos dos distintos plans.

Artigo 10. *Avaliación da calidade dos plans de estudos.*

Os plans de estudos serán avaliados de acordo co establecido no Regulamento de ordenación do ensino na Garda Civil.